

ABAU 2022
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

HISTORIA DE ESPAÑA
(Cód. 03)

Definición do termo **Economía predadora** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Modo de vida característico do Paleolítico, propio de sociedades que non producen alimentos e basean a súa supervivencia na caza, na pesca e na recolección de froitos. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Estas actividades obrigaban ás comunidades humanas a un constante nomadismo ao teren que desprazarse detrás do alimento. -Esta itinerancia durará ata o Neolítico, cando as comunidades comezan a practicar a agricultura e a gandaría. -Aínda que a poboación vivía en pequenos grupos, estes carecían dunha clara xerarquización ou de división do traballo. Redacción: correcta
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -O Paleolítico abrangue entre os 2,5 millóns de anos e o 10.000 a.C. -Os principais restos arqueolóxicos desta etapa son instrumentos de técnica de pedra tallada que servían para a caza e a pesca, así como a arte rupestre. -Nomear algún dos principais xacementos arqueolóxicos da P. Ibérica (Atapuerca, Altamira...) Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

Definición do termo **Carta de poboamento** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Documento polo cal os reis cristiáns outorgaban privilexios ás persoas que habitasen zonas de interese estratéxico e/ou económico no contexto da loita

	<p>fronte aos musulmáns.</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
<p>Notable (entre 0,35 e 0,44)</p>	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Pretendía asegurar as novas fronteiras e revitalizar as terras conquistadas, de aí que se fomentase o asentamento de poboación guerreira e campesiña. -Permitiron a creación e crecemento de vilas e cidades establecidas ao sur do val do Douro e do val do Ebro <p>Redacción: correcta</p>
<p>Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)</p>	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Lévanse a cabo entre os séculos XI e XIII -Nomear algúns dos privilexios outorgados (terras en propiedade, arrendamentos favorables, liberación de taxas e obrigas feudais, etc.) -Este sistema tamén foi empregado polos nobres e os eclesiásticos. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada</p>

Definición do termo **Converso** (ata 0,5 puntos)

<p>Deficiente (entre 0 e 0,14)</p>	<p>Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto</p>
<p>Insuficiente (entre 0,15-0,24)</p>	<p>Coñecementos: resposta confusa ou incompleta</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas</p>
<p>Aprobado (entre 0,25 e 0,34)</p>	<p>Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Persoa que acepta unha crenza relixiosa diferente (especialmente o cristianismo) á que profesaba anteriormente <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
<p>Notable (entre 0,35 e 0,44)</p>	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Moitas das conversións ao cristianismo non foron por convicción senón para evitar persecucións. -Moitos conversos seguiron practicando os seus cultos en segredo -O incremento do número de conversos aumentou o odio popular contra eles. <p>Redacción: correcta</p>
<p>Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)</p>	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Aplicase esencialmente aos musulmáns e xudeus que se converteron ao cristianismo nos séculos XVI e XVII. -Moitos destes novos cristiáns foron vítima do tribunal da Inquisición. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada</p>

Definición do termo **Paz de Utrecht** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Tratados de paz que poñen fin á guerra de Sucesión española que enfrontara as casas de Borbón e Austria polo dominio do trono español. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Supuxo que Filipe V reinase en España e América pero renunciando aos seus dereitos ao trono francés. -Implicou numerosas perdas territoriais e importantes concesións económicas. -Foi asinada en 1713 na cidade holandesa de Utrecht Redacción: correcta
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable) -Nomear algunha das perdas territoriais concretas e/ou algunha das concesións económicas realizadas. -Os países asinantes comprometéronse a manter unha política de equilibrio continental -Marca o inicio da hexemonía británica en Europa Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

Definición do termo **Abdicacións de Baiona** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Renuncias sucesivas de Carlos IV e do seu fillo Fernando VII ao trono de España en favor de Napoleón Bonaparte, Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -Napoleón interveu coa escusa de mediar nas disputas entre a familia real española. -Fernando foi obrigado a devolver a coroa ao seu pai quen, á súa vez, cedeu os seus dereitos a Napoleón. -A cambio foron recompensados con cuantiosas posesións, rendas e privilexios en Francia. -Tiveron lugar en 1808.

	Redacción: correcta
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Napoleón nomeou ao seu irmán Xosé como rei de España -Este acontecemento foi unha das causas da Guerra de Independencia española (1808-1813). -As abdicacións evidenciaron o verdadeiro obxectivo de Napoleón: conseguir o baleiro de poder en España. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada</p>

Definición do termo **Caciquismo** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	<p>Coñecementos: resposta confusa ou incompleta</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas</p>
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	<p>Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Prácticas levadas a cabo polos caciques que controlaban as eleccións, para garantir a quenda de partidos durante a Restauración borbónica iniciada en 1875. <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple</p>
Notable (entre 0,35 e 0,44)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Baseábase na existencia de personalidades influentes a nivel local que controlaban unha circunscrición electoral -Os caciques actuaban mediante o uso da forza, a coacción e a venda de favores, -os caciques valíanse do seu poder económico, status e influencias -O caciquismo tiña máis forza nas zonas rurais <p>Redacción: correcta</p>
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Eran os caciques e non os electores quen decidían o resultado das eleccións. -Os chanzos máis importantes nas relacións clientelares de poder eran: a oligarquía madrileña, os Gobernadores Cívís e os caciques -Cos “favores” caciquís agradecían a fidelidade electoral. -Todas estas prácticas explican a apatía electoral durante o período da Restauración. -Lema dos caciques: “para os inimigos a lei, para os amigos o favor”. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada</p>

Definición do termo **Pacto de San Sebastián** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
---------------------------------------	---

Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Acordo verbal levado a cabo por diversas personalidades e partidos contrarios á monarquía de Afonso XIII para establecer a República en España. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado): -Foi promovido por Alianza Republicana e participaron diversos partidos republicanos, nacionalistas e socialistas. -Acordouse a formación dun comité revolucionario que se debería converter no goberno provisional da futura república parlamentaria. -Permitiu a formación dunha coalición electoral para as eleccións municipais de 1931 Redacción: correcta
Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable): -Tivo lugar o 17 de agosto de 1930. -Sinalar algún dos compromisos asinados: garantir a liberdade política e relixiosa, convocar eleccións constituíntes ou abrir a posibilidade da autonomía política das rexións. -Nomear algún dos representantes políticos máis salientables que participaron nel (Azaña, Lerroux, Niceto Alcalá-Zamora, Marcelino Domingo, Macià...) -En outubro, sumáronse a este Pacto, en Madrid, as organizacións socialistas (PSOE e UXT). Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada

Definición do termo **Sindicato vertical** (ata 0,5 puntos)

Deficiente (entre 0 e 0,14)	Resposta en branco ou que revela a incompreensión do concepto
Insuficiente (entre 0,15-0,24)	Coñecementos: resposta confusa ou incompleta Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas
Aprobado (entre 0,25 e 0,34)	Coñecementos: resposta básica que fai referencia ao seguinte: -Sindicato único, inspirado e controlado pola Falanxe. -Integraba todos os traballadores e empresarios do mesmo sector produtivo. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple
Notable (entre 0,35 e 0,44)	Coñecementos: resposta con polo menos unha destas aclaracións adicionais (ademais do esixido para o aprobado) -A súa creación supuxo a desaparición dos sindicatos de clase. -A súa composición explica que se coñecera como Sindicato Vertical. -Inspirouse nos réximes fascistas europeos. Redacción: correcta

Sobresaliente (entre 0,45 e 0,5)	<p>Coñecementos: resposta con polo menos unha destas precisións a maiores (ademais do esixido para o notable)</p> <ul style="list-style-type: none"> -A súa afiliación era obrigatoria. -Oficialmente denominada Organización Sindical Española. -Creouse en 1940 pola lei de Unidade Sindical. -Disolveuse na Transición durante o goberno de Adolfo Suárez <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada</p>
--	--

Pregunta a desenvolver: Conquista e romanización (ata 3 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta
Deficiente (entre 0,1 e 1)	<p>Coñecementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta. <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.</p>
Insuficiente (entre 1,1 e 1,4)	<p>Coñecementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. <p>Redacción: moi simple.</p>
Aprobado (entre 1,5 e 2)	<p>Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Causas da conquista da Península Ibérica por Roma -As diferentes etapas da conquista. -O desenvolvemento do proceso de romanización en paralelo á conquista. -Os principais elementos de romanización (organización político-administrativa do territorio, lingua, cultura e obras públicas). <p>Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión básica</p>
Notable (entre 2,1 e 2,6)	<p>Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema:</p> <ul style="list-style-type: none"> -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. <p>Redacción: correcta.</p>
Sobresaliente (entre 2,7 e 3)	<p>Resposta con precisións e aclaracións:</p> <ul style="list-style-type: none"> -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. <p>Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado.</p> <p>Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.</p>

Pregunta a desenvolver: A configuración do imperio español no século XVI (ata 3 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Deficiente (entre 0,1 e 1)	<p>Coñecementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta. <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.</p>
Insuficiente	Coñecementos:

(entre 1,1 e 1,4)	-Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: moi simple.
Aprobado (entre 1,5 e 2)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -A herdanza de Carlos I: territorios herdados pola súa nai, Xoana (coroas de Castela e Aragón e as súas posesións), e polo seu pai, Filipe (territorios das Casas de Borgoña e de Austria e dereitos imperiais). -O fin do reinado e o reparto de posesións: abdicación no seu fillo Filipe e cesións ao seu irmán Fernando. -O imperio de Felipe II: a incorporación de Portugal e as súas posesións á coroa de Castela. -A rebelión de Flandres. O apoio inglés aos rebeldes e a guerra contra Inglaterra. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión básica.
Notable (entre 2,1 e 2,6)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 2,7 e 3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Pregunta a desenvolver: O cambio dinástico e a guerra de Sucesión (ata 3 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco o sen relación coa materia da pregunta.
Deficiente (entre 0,1 e 1)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.
Insuficiente (entre 1,1 e 1,4)	Coñecementos: -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: moi simple.
Aprobado (entre 1,5 e 2)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -A causa explicativa da guerra de Sucesión. -Configuración e apoios dos bandos enfrontados. -Os acordos de paz e as súas consecuencias máis relevantes. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión demasiado simple.
Notable (entre 2,1 e 2,6)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 2,7 e 3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas.

	Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.
--	---

Pregunta a desenvolver: O reformismo borbónico en Galicia (ata 3 puntos)

Moi deficiente (0)	Resposta en branco ou sen relación coa materia da pregunta.
Deficiente (entre 0,1 e 1)	Coñecementos: -Resposta confusa, que revela a incompreensión da pregunta. Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inexistentes, frases incoherentes o mal articuladas.
Insuficiente (entre 1,1 e 1,4)	Coñecementos: -Resposta incompleta, que revela a falla de coñecementos. Redacción: moi simple.
Aprobado (entre 1,5 e 2)	Coñecementos: resposta básica que incide nas seguintes cuestións: -A importancia estratéxica de Galicia no s. XVIII desde o punto de vista militar e comercial. -A racionalización do recrutamento de mariñeiros a través da matrícula de mar. -A construción do arsenal de Ferrol no contexto das reformas militares levadas a cabo polos Borbóns. -As repercusións da apertura do comercio colonial en Galicia: a creación da Compañía de Galicia, o Servizo de Correos Marítimos e o Consulado Marítimo e Terrestre da Coruña. Redacción: texto formalmente correcto, pero expresión básica.
Notable (entre 2,1 e 2,6)	Coñecementos: resposta que demostra o coñecemento do tema: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, explica cunha certa profundidade polo menos unha delas. Redacción: correcta.
Sobresaliente (entre 2,7 e 3)	Resposta con precisións e aclaracións: -resposta que ademais de facer referencia ás cuestións básicas, afonda nunha ou explica con certa profundidade polo menos dúas delas. Redacción: correcta, argumentación coherente e vocabulario axeitado. Capacidade de síntese: a resposta non excede a extensión recomendada.

Composición histórica: **Os principais sectores industriais e o papel do ferrocarril**
(ata 5 puntos)

Moi deficiente (entre 0 e 1,4)	Resposta en branco A resposta é unha paráfrase dos documentos A resposta contén xeneralidades sobre a época
Deficiente (entre 1,5 e 2)	Contidos: a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado. Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas,

	frases incoherentes ou mal articuladas
Insuficiente (entre 2,1 e 2,4)	<p>Contidos: a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica</p> <p>Redacción: básica e expresión demasiado simple.</p>
Aprobado (entre 2,5 e 3,4)	<p>Contidos: a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto:</p> <ul style="list-style-type: none"> -O desenvolvemento da industria algodoeira catalá e os avances do maquinismo. -A expansión da siderurxia e o predominio da industria vasca. -A construción do ferrocarril e os seus obxectivos (favorecer o desenvolvemento dun mercado nacional, fomento doutras actividades económicas...). <p>Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto.</p>
Notable (entre 3,5 e 4,4)	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Explicar as características da industria téxtil catalá e os factores que favoreceron o seu desenvolvemento (a tradición manufactureira, a existencia de capitais e dunha clase empresarial moi activa, o proteccionismo...). -Explicar os cambios na xeografía siderúrxica (os inicios en Málaga, o crecemento da industria asturiana polo uso da hulla e a expansión da biscaíña). -Explicar o proceso de construción do ferrocarril (as primeiras liñas, a importancia da Lei Xeral de Ferrocarrís de 1855, a introdución de capital estranxeiro...) <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Analízanse os datos máis significativos da táboa para explicar o avance da mecanización do fiado entre 1835 e 1865 (doc.1) -Menciónanse as principais industrias presentes en Málaga sinalando a importancia dos sectores siderúrxico e téxtil (doc. 2) -Coméntase a importancia que o Goberno concede ao ferrocarril ao consideralo como unha obra de interese xeral (doc. 3) <p>Redacción: correcta e texto coherente</p>
Sobresaliente (entre 4,5 e 5)	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións)</p> <ul style="list-style-type: none"> -Referencia a outras industrias téxtiles (seda, liño) -Referencias ás vinculacións existentes entre a siderurxia e as actividades mineiras. -Referencia ás características da rede ferroviaria española (rede radial, ancho de vía...) -Valoración xeral da problemática analizada. <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Afóndase nos datos da táboa prestando especial atención ao baixo nivel de mecanización de partida e ao incremento experimentado a partir de 1841 (doc. 1) -Incídese nas limitacións da industria metalúrxica malagueña derivadas do uso de carbón vexetal (doc. 2)

	<p>-Relaciónanse artigos concretos do documento coas características da rede ferroviaria española (radiocéntrica, iniciativa pública e privada)</p> <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.</p>
--	--

Composición histórica: **A crise da Restauración** (ata 5 puntos)

Moi deficiente (entre 0 e 1,4)	<p>Resposta en branco</p> <p>A resposta contén xeneralidades sobre a época</p> <p>A resposta é unha paráfrase dos documentos</p>
Deficiente (entre 1,5 e 2)	<p>Contidos: a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado.</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas</p>
Insuficiente (entre 2,1 e 2,4)	<p>Contidos: a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica</p> <p>Redacción: básica e expresión demasiado simple.</p>
Aprobado (entre 2,5 e 3,4)	<p>Contidos: a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto.</p> <p>-Contextualizar a crise da Restauración no reinado de Afonso XIII.</p> <p>-Facer referencia aos aspectos que favorecen a desarticulación do sistema canovista: rexeneracionismo, papel do exército na vida política, movemento obreiro e guerra de Marrocos.</p> <p>-Explicar que foi a Semana Tráxica.</p> <p>Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto.</p>
Notable (entre 3,5 e 4,4)	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións):</p> <p>-O rexeneracionismo: análise dos males que afectaban ao país, propostas de modernización e principais representantes.</p> <p>-As críticas ao exército logo do “desastre do 98” e a súa viraxe cara posturas cada vez máis conservadoras, visibles na Lei de Xurisdición</p> <p>-A guerra en Marrocos como estratexia político-militar para recuperar o prestixio internacional despois do “desastre” e os seus efectos nas clases populares: mobilización de reservistas e Semana Tráxica de Barcelona de 1909.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións):</p> <p>-Identifícase o autor do texto cun dos máximos expoñentes do rexeneracionismo (doc.1)</p> <p>-Emprégase o texto para exemplificar algunha das principais críticas realizadas polo rexeneracionismo (atraso respecto de Europa, corrupción política, sistema oligárquico...) (doc. 1)</p> <p>-Úsanse fragmentos do texto para argumentar a oposición do partido Socialista á guerra (desigualdade no sistema de recrutamento, defensa dos intereses económicos dos grupos oligárquicos, desacordo coa política</p>

	<p>exterior do Goberno (doc.2)</p> <p>-Utilízase o contido do texto para incidir na violencia e no anticlericalismo dos revolucionarios que caracterizou a Semana Tráxica (doc.3)</p> <p>Redacción: correcta e texto coherente</p>
Sobresaliente (entre 4,5 e 5)	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións)</p> <p>-Cítanse outros factores explicativos da crise da Restauración: fraccionamento e descomposición dos partidos dinásticos a inicios do século XX, o auxe do republicanismo, o desenvolvemento dos nacionalismos -sobre todo catalán (Solidaritat Catalana)-, o incremento da conflitividade social e da oposición de socialistas e anarquistas, as sucesivas derrotas militares na ocupación do norte de Marrocos...</p> <p>-Noméanse algunhas das reformas desenvolvidas polos líderes dos partidos dinásticos (Maura –conservador- e Canalejas –liberal-) para superar a crise e sanear o sistema da Restauración.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos):</p> <p>-Incídese na ineficacia das denuncias realizadas na prensa e no Parlamento contra o sistema da Restauración (doc.1)</p> <p>-Saliéntase a dimensión internacionalista e solidaria do partido Socialista ao pretender “emancipar a todos os homes”, incluídos os marroquís (doc.2)</p> <p>-Faise fincapé no antimilitarismo do partido Socialista e no seu rexeitamento de que o exército obteña maior poder do que xa ten (doc.2)</p> <p>-Resáltase o papel protagonista dos anarquistas, das mulleres e da tropa neste levantamento (doc. 3)</p> <p>-Tense en conta a visión crítica que o documento achega sobre a Semana Tráxica (doc.3)</p> <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.</p>

Composición histórica: **A Transición**

(ata 5 puntos)

Moi deficiente (entre 0 e 1,4)	<p>Resposta en branco</p> <p>A resposta é unha paráfrase dos documentos</p> <p>A resposta contén xeneralidades sobre a época</p>
Deficiente (entre 1,5 e 2)	<p>Contidos: a resposta achega os contidos básicos do tema ou do proceso histórico considerado</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica</p> <p>Redacción: texto no que abundan as imprecisións, palabras inventadas, frases incoherentes ou mal articuladas</p>
Insuficiente (entre 2,1 e 2,4)	<p>Contidos: a resposta desenvolve os aspectos teóricos do tema</p> <p>Uso dos documentos: a resposta prescinde dos documentos, expónse como a resposta a unha pregunta teórica</p> <p>Redacción: básica e expresión demasiado simple.</p>
Aprobado (entre 2,5 e 3)	<p>Contidos: a resposta inclúe unha contextualización e explicación básica do tema proposto</p>

3,4)	<p>-Referenciar a morte de Franco e a investidura de Xoán Carlos I como rei de España.</p> <p>-Comentar o continuísmo do goberno de Arias Navarro e a política reformadora de Adolfo Suárez.</p> <p>-Sinalar os principais obxectivos da Lei para a Reforma Política.</p> <p>-Facer referencia aos resultados obtidos nas eleccións de xuño de 1977.</p> <p>-Enumerar os principios fundamentais da constitución de 1978 (soberanía popular, monarquía parlamentaria, estado de Dereito., división de poderes...)</p> <p>Uso dos documentos: os documentos cítanse na redacción</p> <p>Redacción: texto formalmente correcto.</p>
Notable (entre 3,5 e 4,4)	<p>Contidos (ademais do esixido para o aprobado, afondar no comentario dalgunha destas cuestións)</p> <p>-Faise referencia ao incremento da oposición durante o goberno de Arias Navarro (política, estudantil, proletaria, terrorista...) e á división dentro das forzas franquistas entre reformistas e inmovilistas.</p> <p>-Afóndase nas características da Lei para a Reforma Política e/ou coméntase o proceso político que leva á súa aprobación.</p> <p>-Menciónase o proceso de legalización dos diversos partidos políticos de cara á celebración das primeiras eleccións democráticas.</p> <p>-Explícanse algúns dos principios esenciais da constitución de 1978/ cítanse outros (Estado aconfesional, descentralización, ambigüidade na redacción de certos artigos, dificultade para reformala...)</p> <p>-Coméntase o carácter pacífico e consensuado do proceso político coñecido como Transición.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o aprobado, na composición úsanse os documentos para algunha das seguintes cuestións)</p> <p>-Identifícase no texto o obxectivo principal da Lei para a Reforma Política (establecer unha democracia/reinstaurar a soberanía popular) (doc.1)</p> <p>-Sínálanse os principais resultados das primeiras eleccións democráticas: claro triunfo do partido de Adolfo Suárez e segundo lugar do PSOE (doc. 2)</p> <p>-Relaciónanse polo menos dous artigos concretos do documento cos principios esenciais da Constitución (doc.3)</p> <p>Redacción: correcta e texto coherente</p>
Sobresaliente (entre 4,5 e 5)	<p>Contidos (ademais do esixido para o notable no comentario recóllese unha ou varias das seguintes cuestións)</p> <p>-Faise referencia ao coñecido como “espírito do 12 de febreiro” e ao seu fracaso.</p> <p>-Cítanse algunhas das principais medidas levadas a cabo polo primeiro goberno de Suárez (p.ex.: aprobación dunha amnistía, disolución do Movemento Nacional e do TOP, regulamentación do dereito á folga...)</p> <p>-Menciónanse as diferentes posturas mantidas pola oposición, o goberno e as forzas franquistas no referendo sobre a Lei para a Reforma Política.</p> <p>-Explícase o proceso de redacción e aprobación da constitución de 1978 (comisión de asuntos constitucionais, votación nas Cortes e referendo).</p> <p>-Refírense as dúas vías de acceso para conseguir a autonomía establecidas na constitución.</p> <p>Uso dos documentos (ademais do esixido para o notable, na redacción da composición o contido dos documentos emprégase nalgúns destes sentidos):</p>

	<p>-Incídese no principio de respecto á lei vixente recollido no texto e/ou no espírito de consenso (doc.1)</p> <p>-Afóndase nos resultados das eleccións: a gran diferenza existente entre os dous primeiros partidos e os demais, a escasa representación do PCE e de Alianza Popular, a presenza de partidos nacionalistas vascos e cataláns (doc. 2)</p> <p>-Relaciónanse máis de dous artigos concretos do documento cos principios esenciais da Constitución (doc.3).</p> <p>Redacción: correcta e precisa, facendo uso do vocabulario específico. O texto está ben articulado e argumentado.</p>
--	--